

RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE CON DESTINO Á EXECUCIÓN DO "PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA TRAVESÍA ESTRADA DA PRAIA EN MEIRA-MOAÑA" NO TERMO MUNICIPAL DE MOAÑA

N/Expte.: **CONC-PO-2025/052C**

S/Ref.: **CNC02/24/36/0006**

En relación coa solicitude de concesión administrativa de ocupación de 1.841,50 m² de dominio público marítimo terrestre (DPMT) con destino á execución do "Proxecto de humanización da travesía estrada da praia en Meira-Moaña" no termo municipal de Moaña realizada polo Concello de Moaña, figuran no Servizo do Litoral de Pontevedra, dependente desta Dirección Territorial, os seguintes:

I. ANTECEDENTES

1. De conformidade co disposto no Real Decreto 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral, o 30.06.2025, recíbese da Demarcación de costas de Galicia, dependente do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, documentación relativa ao expediente do asunto, para os efectos de continuar coa súa tramitación e posterior resolución.

2. Datos do expediente

Obxecto do expte:	Humanización da Travesía Estrada de praia en Meira
Situación:	Praia de Meira, Moaña
Solicitante:	Concello de Moaña
Data da solicitude:	04.11.2024
Superficie ocupada*:	2.268,75 m ² : (1.841,50 + 41,90 + 385,35) m ²

*Superficie de ocupación: 1.841,50 m² (conforme ao plano de confrontación adxunto), aos que habería que engadir unha superficie duns 41,90 m² (ao respecto da lonxitude de 2 subtramos de renovación da rede de pluviais no ámbito do proxecto, fóra da superficie solicitada inicialmente na concesión) e uns 385,35 m² (correspondentes á lonxitude da rede de pluviais existente no viario municipal no entorno inmediato do ámbito de actuación xunto co conduto de alivio existente ao medio).


Cabe mencionar que tamén se dispón no proxecto a renovación de varios ramais de rede de colectores de saneamento de fecais, fóra de ribeira do mar e baixo viais pavimentados maioritariamente, os cales desaugarían no colector de saneamento amparado pola concesión C-1896-PONT. A dita concesión outorgada ao Concello de Moaña por O.M. do 10 de abril de 2002 está actualmente vixente. A ampliación da superficie da concesión C-1896-PONT cos novos ramais de saneamento é obxecto de expediente de modificación substancial da devandita concesión (tramitada en expediente aparte).



Imaxe 1: Superficie inicial solicitada na concesión (en verde): 1.841,50 m²



Imaxe 2: Tramos de pluviais a executar co proxecto
(2 subtramos fóra do ámbito solicitado nunha lonxitude de 13,76 e 28,14 ml)



Imaxe 3: Ámbito rede existente de saneamento (C-1896-PONT) e de pluviais do viario a regularizar

3. Descrición da actuación obxecto de ocupación

O proxecto, obxecto da solicitude do título concesional para a ocupación do DPMT, desenvólvese en terreos de DPMT lindeiros coa Travesía da Estrada da Praia, na Parroquia de Meira, Concello de Moaña. Trátase dunha zona totalmente antropizada, cuxos terreos existentes en DPMT perderon as súas características naturais de zona marítimo-terrestre ou praia.





As obras descritas no proxecto consisten nunha actuación que complete a vocación peonil da antiga fronte marítima, coa redución do uso do vehículo motorizado privado, favorecendo a igualdade das persoas no tocante á accesibilidade e a mobilidade sostible. Favorecendo desta maneira a cohesión e protección social, así como unha posta en valor da vila mariñeira e o traballo tradicional da zona. Nun ámbito de actuación total de 2328 m², incrementaríase o espazo peonil ata unha superficie de 2016 m² fronte aos 538 m² actuais, permitíndose excepcionalmente o tráfico rodado de residentes, servizos e vehículos de emerxencia. No proxecto anexado coa solicitude estrutúranse as actuacións en:

- Actuacións consistentes na ordenación do tráfico, para transformalo nun espazo de convivencia de vehículos e persoas con plataforma única de prioridade de peóns, restrinxindo os vehículos de motor a unha parte exclusiva de residentes ou usos prioritarios, tratando de dar paso prioritario ás persoas e impedindo a circulación a velocidades altas, de forma que un 87% da zona pase a ser un espazo peonil.
- Actuacións en dotación de mobiliario urbano, xardinería, iluminación pública mediante novos puntos de luz e a súa conexión a rede existente, sinalización e renovación de rede separativa de pluviais).
- Renovación dos ramais de conexión de saneamento de fecais co colector amparado pola Concesión C-1986-Pontevedra (Ou.M. do 10 de abril de 2002). Conforme a información facilitada polo proxectista, a rede de saneamento é separativa, polo que ao colector concesionado soamente evacúanse fecais. Con estas actuacións produciríase un incremento da ocupación outorgada inicialmente (superficie da concesión orixinal: 565 m²; superficie a ampliar: 256,21 m²). Conforme o artigo 162.3 do RD 876/2014, do 10 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas, procedería a tramitación dun expediente de modificación substancial do devandito título, pois a superficie para ampliar da devandita rede, prevista coa execución das obras é superior ao 10% da superficie recoñecida inicialmente no título outorgado. (Estas actuacións integraranse na tramitación do expediente de Modificación substancial da Concesión C-1986-Pontevedra). Polo tanto esta actuación non é obxecto da presente concesión administrativa.

A superficie total estimada de afección ao DPMT ascende a uns 2.268,75 m² conforme a seguinte desagregación:

- Unha superficie de ocupación duns 1.841,50 m² (conforme plano de confrontación adxunto).
- Unha superficie de ocupación dun 41,90 m² (ao respecto da lonxitude de 2 subtramos de renovación de rede de pluviais no ámbito do proxecto, pero fóra da superficie solicitada inicialmente en concesión).

- Unha superficie de ocupación dun 385,35 m² (correspondentes á lonxitude da rede de pluviais existente a regularizar, a cal discorre por viario municipal na contorna inmediata do ámbito de actuación , así como o conduto de alivio existente ao medio).

As obras para realizar en devandito demanio consisten, basicamente en:

- Itinerarios peonís, de circulación de vehículos para residentes e usos prioritarios e áreas de estacionamento a base de pavimentos de formigón.
- Áreas axardinadas.
- Mobiliario urbano, novos puntos de luz e a súa conexión á rede existente.
- Renovación ramais acometida a rede separativa de pluviais existente.
- Renovación de ramais de acometida á rede de saneamento existente.

Conforme á documentación aportada, as obras descritas no proxecto presentarían tamén unha mínima afección á Servidume de Protección nuns 28,80 m² aproximadamente.

II. TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

1. Con data do 04.11.2024 se recibe no Servizo Provincial de Costas a solicitude de concesión para ocupación do DPMT, por parte do Concello de Moaña, para a execución do proxecto sinalado no asunto.

2. Con datas do 29 de novembro de 2024, 18 de decembro de 2024 e 10 de xaneiro de 2025 recíbense neste Servizo senllas correccións da documentación achegada inicialmente, por mor de varios requirimentos documentais notificados ao Concello.

3. Con data de xaneiro de 2025, aos efectos de dar cumprimento do sinalado no artigo 152.3 do RXC, realízase plano de confrontación asinado polo topógrafo e polo xefe do Servizo da Xestión do DPMT Javier Bugallo Álvarez, do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra.

4. Con data do 21.01.2025 se inicia dende o Servizo Provincial de Costas de Pontevedra os trámites de información pública e petición de informes, ao abeiro do artigo 152 do Regulamento Xeral de Costas do Estado, de acordo aos seguintes pasos:

4.1. Trámite de información pública. Publícase o anuncio da información pública no Boletín Oficial do Estado núm. 29, do 03.02.2025, por un prazo de 20 días, ao abeiro do artigo 152.8 do RXC.

Dentro do prazo regulamentario outorgado se recibe unha única alegación, segundo consta no Informe do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do 04.04.2025, asinado polo Xefe do Servizo Miguel García García, no que se achega o resumo da alegación, así como a resposta do Servizo Provincial de Costas, nos seguintes termos:



"Resumo do contido da alegación:

A alegación a realiza Iago Álvarez Blanco, actuando en representación da Asociación de Perxudicados pola Lei 1/92, e nela se expón basicamente que:

- que "o proxecto en exposición pública respecte integramente a liña de ribeira de mar fixada, lindeira ás nosas propiedades, en 1999 garantindo que non se produza unha alteración indebida da delimitación establecida."*
- que "a cartografía utilizada no proxecto sexa precisa, eliminando a anterior liña de DPMT na zona afectada pola revisión do 1999, situada na cara este de a illa de Samertolameu, evitando confusións con liñas de deslinde posteriores."*
- que "a Administración responda á solicitude formal de reunión presentada en 2022 e clarifique as implicacións do proxecto sobre as leiras lindeiras, asegurando a transparencia e o dereito dos cidadáns a unha administración efectiva".*
- que "se evite calquera actuación que xere inseguridade xurídica aos propietarios lindeiros, garantindo o respecto aos principios de legalidade e seguridade xurídica consagrados na Constitución Española."*

As ditas alegacións basicamente refírense por unha banda á aliñación actual do deslinde vixente (aprobado por Ou.M. de 17/07/2007) conforme o visor WMS do Ministerio. A dita aliñación é coincidente co plano de deslinde dilixenciado en novembro de 2001, o cal figura nas dependencias deste Servizo Provincial.

Cabe mencionar que no ámbito da actuación obxecto de solicitude de concesión non hai "ningún deslinde en tramitación" como erroneamente alude o alegante. No visor WMS do Ministerio o deslinde na devandita zona tampouco aparece delimitado como en tramitación, se non como un deslinde xa completado e aprobado.

En canto á afección con respecto ás propiedades lindeiras, as cales non se identifican con exactitude, alúdese ao ámbito da illa de Samertolameu (actualmente convertida nunha península), a cal se atopa fóra do ámbito de afección do proxecto. Asemade, relacionado con este aspecto, alúdese a unha previa solicitude de reunión, datada en 2022, coa Administración, así como á alteración da aliñación do deslinde e outras cuestións non relacionadas coa execución do proxecto, obxecto de tramitación da solicitude de concesión."

4.2. Informe da Subdirección Xeral do Patrimonio do Ministerio de Defensa.

Solicitouse informe ao abeiro do artigo 152.6 do RXC mediante oficio do 27.01.2025.

Achégase o dito informe con data do 18.02.2025 emitido en sentido favorable.

4.3. Informe da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Xunta de Galicia.

Solicitouse informe ao abeiro do artigo 152.6 do RXC mediante oficio do 27.01.2025.

Achégase o dito informe con data do 06.02.2025 emitido en sentido favorable.

5. Con data do 18.03.2025 achégase como adenda un plano do estado actual das instalacións existentes.

6. Con data do 04.04.2025 emítese informe do Servizo Provincial de Costas do Estado sobre a solicitude de concesión obxecto deste expediente ao abeiro do artigo 152.10 do RXC.

7. Con data do 23.06.2025 dáse traslado ao Concello de Moaña da oferta de Condicións e Prescricións polas que podería outorgarse a Concesión de ocupación do DPMT, ao abeiro do artigo 152.11 do RXC.

8. Con data do 27.10.2025 dáse un novo traslado ao Concello de Moaña da oferta de Condicións e Prescricións polas que podería outorgarse a Concesión de ocupación do DPMT, ao abeiro do artigo 152.11 do RXC, toda vez que co traspaso de competencias non constaba resposta ningunha ata a data.

9. Achégase con data do 28.10.2025, por parte do Concello de Moaña, unha copia do certificado do 27.06.2025 do Pleno do Concello do 26.06.2025 onde se acorda "Aceptar as *CONDICIONES Y PRESCRIPCIONES POR LAS QUE PODRÍA OTORGARSE LA CONCESIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE CON DESTINO A EJECUCIÓN DEL "PROYECTO DE HUMANIZACIÓN DE LA TRAVESÍA CTRA. DA PRAIA EN MEIRA-MOAÑA, T.M. DE MOAÑA (PONTEVEDRA)*, Referencia: CNC02/24/36/0006 contidas na resolución do SERVICIO PROVINCIAL DE COSTAS DE PONTEVEDRA da Dirección Xeral da Costa e do Mar da Secretaría de Estado de Medio Ambiente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto demográfico de 18 de xuño de 2025".

Segundo se sinala no oficio de alcaldía actual a aceptación das condicións foi remitida ao Servizo Provincial de Costas con data do 30.06.2025, sen que o dito Servizo de Costas dese traslado á Xunta de Galicia do mesmo.

10. Con data do 19.011.2025 achégase por parte do Concello o Certificado da Xunta do Goberno Local do 17.11.2025 na que se acorda: "*Aceptar de forma expresa **as condicións e prescricións polas que podería outorgarse a concesión de ocupación do Dominio Público Marítimo Terrestre** con destino á execución do "Proxecto de Humanización da Travesía CTRA. da Praia en Meira-Moaña (PONTEVEDRA), incluídas na proposta de resolución do Servizo provincial do Litoral da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (CVE:65pcbK3EH8Y8)*"



III. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DE OCUPACIÓN DO DPMT E POSIBLES AFECCIÓNS

1. O ámbito do proxecto referenciado no asunto emprázase sobre terreos coa consideración de DPMT, conforme ao expediente de deslinde DL-146-PO, aprobado por Ou.M. de 17/07/2007.

En canto á compatibilidade da actuación pretendida, coa Lei 22/1988 de 28 de xullo de Costas e o seu Regulamento, cabe citar que a dita actuación pretendida para a cal se solicita concesión de ocupación do DPMT, se podería amparar no artigo 61.2.b del RD 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas.

2. Danos posibles ao DPMT.

A actuación pretendida non afecta á ribeira do mar, nin a tramos de costa coa condición de praia ou zona marítimo-terrestre. Ademais, o ámbito sobre o que se desenvolve non se atopa afectado por espazos Rede Natura 2000 nin por outras figuras de protección ambiental segundo a documentación achegada na corrección do 10 de xaneiro de 2025 (VI DOCUMENTOS ADXUNTOS – 4.3 NON AFECCIÓN A ESPAZOS DA REDE NATURA 2000, reflectido no PLANO SIT-02).

Dado o grao de desnaturalización actual dos devanditos terreos, a xuízo deste Servizo, non se ocasionaría coa obra proxectada incremento significativo das afeccións ao DPMT durante a fase de explotación do proxecto, estimando que se producirían maiores afeccións durante a fase de execución do mesmo, para o que se deberían de levar a cabo as medidas preventivas e correctoras necesarias ou calquera outras que fosen de aplicación conforme á normativa vixente en materia de protección ambiental.

3. Informe de compatibilidade coas estratexias mariñas

O artigo 3.3 da Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección de medio mariño establece que: "A autorización de calquera actividade que requira, ben a execución de obras ou instalacións nas augas mariñas, o seu leito ou o seu subsolo, ben a colocación ou depósito de materias sobre o fondo mariño, así como as verteduras reguladas no título IV da presente lei, deberá contar co informe favorable do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Marino, respecto da compatibilidade da actividade ou vertedura coa estratexia mariña correspondente de conformidade cos criterios que se establezan regulamentariamente".

Por tanto, a actuación informada non está suxeita á emisión de informe de compatibilidade.

IV. CONSIDERACIÓNS RESPECTO DO PRAZO E DO CANON

1. Proponse para esta ocupación un prazo concesional quince (15) anos, prorrogable por prazos de igual ou inferior duración ata un prazo máximo de trinta (30) anos se persisten as causas de utilidade pública que motivan o outorgamento da concesión, de acordo ao contido no artigo 135.4.c) do RXC.



2. De acordo ao sinalado no informe do Servizo Provincial de Costas do Estado, e dada a natureza do solicitante (Concello de Moaña) e a finalidade das obras solicitadas, propónse que a concesión quede exenta do abono do canon.

V. FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. O artigo 32 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, desenvolvido polo artigo 61 do RXC permite a ocupación do dominio público marítimo-terrestre para aquelas actividades ou instalacións que, pola súa natureza, non poidan ter outra ubicación.

2. O artigo 31.2 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, desenvolvido polo artigo 60 do RXC sinala que os usos que teñan especiais circunstancias de intensidade, peligrosidade o rentabilidade e os que requiran a execución de obras e instalacións só poderán ampararse na existencia de reserva, adscrición, autorización e concesión, con subsección ao previsto nesta Lei, noutras especiais, no su caso, e nas normas xerais ou específicas correspondentes, sen que poda invocarse dereito algún en virtude de usucapión, calquera que sea o tempo transcorrido.

Neste caso se trata da instalación de elementos non desmontables e polo tanto se tramita como unha concesión de ocupación do DPMT.

3. O artigo 64 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, desenvolvido polos artigos 131 e seguintes do Regulamento Xeral de Costas (Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro) suxeita á previa concesión administrativa toda ocupación do DPMT con obras e instalacións non desmontables.

4. Conforme ao sinalado no artigo 135 do RXC o prazo de duración da concesión é de 30 anos, dado que se trata de usos que prestan un servizo público, e que pola súa configuración física non pode ubicarse noutros terreos estremeiros.

5. A ocupación solicitada resulta, pois, compatible con réxime de utilización do DPMT contido no precepto citado, dado que da creación dun espazo público, peonil a través da pavimentación en plataforma única coa oportuna sinalización vertical indicativa do carácter peonil preferente da zona e bandas de diferente textura que axuden á redución da velocidade para as zonas de tráfico rodado de residentes, servizos e vehículos de emerxencia, así como unha iluminación adecuada, dispoñéndose espazos de estar, bancos, mobiliario urbano, e zonas axardinadas, ademais da renovación da rede separativa de pluviais .

6. En atención ao sinalado no artigo 36 da Lei de Costas, nas consideracións que se achegan no corpo desta proposta/resolución, se inclúen todas aquelas medias correctoras en aras a minimizar os posibles danos e perxuizos sobre o DPMT.

7. De acordo ao artigo 42 da Lei de Costas 22/1988, para resolver sobre a ocupación do DPMT achegárase o proxecto básico onde se fixarán as condicións e características das instalación e obras, a extensión da zona de DPMT a ocupar.

A este respecto o Concello de Moaña achega o "Proxecto de humanización da travesía estrada da praia en Meira-Moaña" de setembro de 2024 e asinado por UnmaisUn arquitectos SLP.

8. De acordo ao sinalado no artigo 70 da Lei de Costas 22/1988, as concesións serán inscribibles no Rexistro da Propiedade e unha vez extinguida a mesma, a inscrición será cancelada de oficio ou a petición do interesado ou da Administración.

9. Segundo o artigo 84 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, toda ocupación ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre en virtude dunha concesión ou autorización, calquera que fora a Administración outorgante, devindicará o correspondente canon en favor da Administración do Estado, sen prexuízo dos que sexan exixibles por aquela. Están obrigados ao pago do canon, na contía e condicións que se determinan nesa Lei, os titulares das concesións e autorizacións antes mencionadas.

Segundo se sinala no informe do Servizo Provincial de Costas do Estado de data 04.04.2025 propónse a exención do dito canon no proxecto obxecto deste expediente.

10. Conforme ao sinalado no artigo 152.4 o Servizo Provincial de Costas de Pontevedra examinou o proxecto requirido a subsanación de determinadas deficiencias as cales se achegaron ao expediente, tal e como se sinalou no apartado de antecedentes.

11. Conforme ao sinalado no artigo 152.4 realízase visita de comprobación por parte do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra aos efectos de realizar o plano de confrontación correspondente, a fin de determinar a adecuación do proxecto ao terreo, así como a súa viabilidade.

12. En atención ao sinalado no artigo 152.6 do RXC procedeuse a solicitar os seguintes informes:

12.1. Concello de Moaña. Neste caso, e toda vez que o solicitante é propio Concello de Moaña, non resulta necesario requirirlle o dito informe.

11.2 Informes da Comunidade autónoma:

- Informe da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Xunta de Galicia. Achégase o dito informe con data do 06.02.2025 emitido en sentido favorable.

12.3 Informe do Ministerio de Defensa. Achégase o dito informe con data do 18.02.2025 emitido en sentido favorable.

13. Ao abeiro do artigo 152.8 do RXC procedeuse por parte do Servizo Provincial de Costas do Estado ao trámite de información pública por un prazo de 20 días mediante a publicación no BOE núm. 29, do 03.02.2025, achegándose unha alegación, a cal foi desestimada, todo elo segundo consta no Informe do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do 04.04.2025, asinado polo Miguel García García.

14. Conforme ao artigo 152.11, con data do 23.06.2025 procedeuse á comunicación das condicións e prescricións precisas, por un prazo de 10 días, reiterándose a dita comunicación con data do 27.10.2025 dado que non constaba no expediente a resposta á mesma.

15. Achégase por parte do Concello con data do 28.10.2025, unha copia do certificado do 27.06.2025 do Pleno do Concello do 26.06.2025 onde se acorda a aceptación expresa do condicionado.

Segundo se sinala no oficio de alcaldía actual, a aceptación das condicións foi remitida ao Servizo Provincial de Costas con data do 30.06.2025, sen que o dito Servizo de Costas dese traslado á Xunta de Galicia do mesmo.

16. No ámbito da consellería con competencias en materia de ordenación do litoral, correspóndelles aos servizos provinciais do litoral a tramitación e proposta de resolución dos procedementos de concesión demanial de ocupación no DPMT; e á persoa titular da dirección xeral con competencias en materia do litoral a súa resolución (Disposición transitoria única do Decreto 50/2025, do 30 de xuño, polo que a Comunidade Autónoma de Galicia asume as funcións e os servizos traspasados pola Administración xeral do Estado en materia de ordenación e xestión do litoral).

Á vista do exposto, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- OUTORGAR ao Concello de Moaña, a concesión para a ocupación de 2.268,75 m² de dominio público marítimo terrestre (DPMT) con destino á execución do "Proxecto de humanización da travesía estrada da praia en Meira-Moaña", asinado por UnmaisUn arquitectos SLP, no termo municipal de Moaña realizada polo Concello de Moaña, de acordo coas seguintes condicións e prescricións incluídas ao final desta resolución



SEGUNDO.- As administracións públicas poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o órgano xurisdiccional competente no prazo de dous meses, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contados dende o día seguinte ao da recepción desta resolución sen prexuízo da formulación, se é o caso, do requirimento previo en igual prazo previsto no artigo 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

CONDICIÓNS XERAIS DA CONCESIÓN

1. A presente concesión, que non implica cesión do dominio público nin das facultades dominicais do Estado, outórgase con suxeición ao disposto na Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia e na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, e o seu regulamento de desenvolvemento, deixando a salvo os dereitos particulares e ser prexuízo de terceiro.
2. Esta concesión outórgase polo prazo que se establece no prego de condicións particulares e prescricións (en diante PCPP). O devandito prazo será improrrogable, a menos que no PCPP se admita explicitamente a posibilidade dunha prórroga. O seu cómputo iniciárase o día seguinte da data de notificación do outorgamento ao concesionario.
3. As obras realizaranse con arranxo ao proxecto subscrito por facultativo competente, segundo nome e data que se indica no apartado 2 de antecedentes desta resolución coas determinacións e modificacións que neste se impoñan. A súa execución, levarase a cabo baixo o exclusivo risco e responsabilidade do concesionario, que deberá designar como director das obras unha persoa facultativa competente.
4. Esta concesión non implica a asunción de responsabilidades pola consellería competente en materia de litoral en relación co proxecto e a execución e explotación das obras e instalacións, tanto respecto a terceiros como ao concesionario.
5. O outorgamento desta concesión non exime ao seu titular da obtención dos títulos habilitantes e outras autorizacións que sexan preceptivos e, en particular, a de vertedura ao mar de augas residuais ou conexión, no seu caso, á rede de saneamento xeral.
6. Esta concesión non implica a autorización para levar a cabo actividades auxiliares fose dos límites da mesma, tales como provisións, almacenamentos ou depósito dos residuos da explotación, nin para facer publicidade audiovisual, salvo aquela que sirva para indicar o título e uso da concesión, previa conformidade do Servizo do Litoral correspondente.



7. O concesionario queda obrigado a instalar e conservar ás súas expensas a sinalización terrestre provisional durante as obras, así como a definitiva, que deberá incluír a dos accesos e zonas de uso público.

No caso de que a natureza marítima da concesión así o esixa, o concesionario queda obrigado a instalar e manter á súa costa os sinais de balizamento que se ordenen polo Ente Público Portos do Estado, quen, así mesmo, exercerá a inspección sobre a devandita sinalización, así como establecerá o balizamento provisional a colocar durante a execución das obras. Para estes efectos, con anterioridade ao reformulo das obras, deberá presentar os planos de situación e planta das mesmas. Con posterioridade, no prazo de seis meses, contados a partir da data en que se lle notifiquen os sinais que han de constituír o balizamento e as súas aparencias e alcances, deberá presentar o proxecto correspondente para a súa aprobación polo Ente Público Portos do Estado.

8ª. No caso de que existan terreos de propiedade particular incorporados á concesión por formar unha unidade imprescindible para a explotación da mesma, antes do reformulo das obras ou simultaneamente co mesmo, levantarase preceptivamente a acta de entrega dos devanditos terreos ao dominio público, con asistencia dos representantes do Ministerio de Facenda e Función Pública e do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, así como do concesionario, o cal deberá achegar a certificación rexistral que corresponda. Durante a vixencia da concesión, devanditos terreos terán o uso previsto na mesma e á súa extinción manterán a súa cualificación xurídica de dominio público.

